



INFORMACIÓN EN MATERIA DE DATOS PERSOAIS NAS CHAMADAS E VIDEOCHAMADAS

En cumprimento do artigo 13 do *Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* (RXPd), e do artigo 11 da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* (LOPD), os datos persoais empregados nas chamadas / videochamadas (destacadamente, voz e imaxe) serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal.

A **finalidade** do tratamento destes datos persoais é a indicada na invitación á chamada / videochamada ou a indicada pola persoa organizadora (no ámbito da docencia ou a avaliación a distancia, ou do teletraballo). Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de **confidencialidade** establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo necesario para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A base de **lexitimación** para este tratamento de datos persoais sitúase no artigo 6.1.c) e e) RXPd, en relación coa prestación do servizo público de educación superior (LO 6/2001, 21-12, de Universidades), e co desenvolvemento das actividades académicas e laborais exclusivamente a través de medios informáticos, xustificada con base no RD 463/2020, 14-3, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e en toda a normativa posterior que impón restricións ás actividades presenciais e establece recomendacións por motivos sanitarios de prevención da propagación do COVID-19.

Estes datos persoais deberanse empregar exclusivamente para a finalidade expresada. A indicada base de lexitimación permite ao persoal docente efectuar a **gravación** de sesións de docencia ou avaliación; no ámbito das sesións docentes, recoméndase ao organizador da chamada / videochamada que advirta aos participantes no caso de que a sesión sexa gravada para que, se así o desexan, poidan desactivar a súa cámara / micrófono e intervir a través do chat. É responsabilidade de todas as persoas que interveñen na videochamada configurar o seu espazo para evitar a afectación da intimidade ou datos persoais de terceiras persoas.

Só resulta posible unha posterior **reutilización ou difusión** da sesión gravada se concorre o consentimento das persoas afectadas ou outra posible base de



lexitimación, dado que pode atentar contra os dereitos á protección de datos persoais, á propia imaxe, e á propiedade intelectual das persoas implicadas, e podería dar lugar á esixencia de responsabilidades legais. Só se poderá compartir ou reutilizar este material libremente cando apareza unicamente a voz e/ou imaxe propias.

As persoas titulares dos datos persoais terán dereito a solicitar ao responsable de tratamento o exercicio dos **dereitos** en materia de protección de datos persoais (acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade), nas condicións establecidas no RXPd e na LOPD. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á/ao Delegada/o de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Pode consultarse a información xeral en materia de protección de datos no punto 5 do **Aviso legal da UDC** https://www.udc.es/es/pe/aviso_legal/